JOSE LUIS ALMAU SUPERVIA
Data: 05/09/2016 17:13

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO
Data: 05/09/2016 15:54

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BINV-SX / 2016

Expediente: 2016000002338

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2016- ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS DURANTE O ANO 2016

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

A Resolución de Presidencia nº 18806 do 10/08/2016 aprobou a concesión provisional das BOLSAS INVESTIGACIÓN 2016- Área de ciencias sociais e xurídicas, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, o desistimento da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita e visto que non se presentaron desestimentos, nin alegacións ou emendas.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas aos solicitantes que se relacionan no Anexo 1 polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 24.000,00€.

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación nº 220160011858, importe:24.000,00€.

3.- Publicar a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 59.6.b) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A título informativo, publicar esta resolución no taboleiro de edictos.

ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

Solicitudes		Importe bolsa
Beneficiario	AGUSTÍN PÉREZ CALVO	8.000,00€
NIF	53486004X	
Expediente	20160000061	
Obxecto	MARCAS, DESTINOS E TERRITORIOS: UNHA ANÁLISE XEOTURÍSTICA DA PROVINCIA DA CORUÑA	
Beneficiario	LUCIA SOLEDAD ABARRATEGUI AMADO	8.000,00€
NIF	79341864Y	
Expediente	20160000062	
Obxecto	A radio. Unha ferramenta óptima para o avellentamento activo e o fomento da interxeracionalidade. Estratexias de extensión na provincia da Coruña	

Beneficiario	MARCOS PINAQUE VARELA	8.000,00€
NIF	45860592H	
Expediente	20160000060	
Obxecto	O coñecemento do trastorno de Espectro Autista (TEA) dos profesionais de centros públicos-culturais da deputación da Coruña e proposta de plan de formación para o seu coñecemento.	

Total concedido 24.000,00€

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.